

ACTA Nº 16/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 19 DE ABRIL DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 19 de abril de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local números 13/10 e 14/10, do 29 de marzo e do 5 de abril de 2010 respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución núm. 210/10, do 16 de abril, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para ceder determinadas locais e instalacións propiedade do Concello na Unidade de Xestión UG-5 de 33,00 m² de superficie no que se ubica o Centro de Transformación referido a Unión FENOSA DISTRIBUCIÓN aos únicos efectos previstos no Real Decreto 1955/2000, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 24/10 – PROMOCIONES SAN BIEITO, S.L. presenta proxecto básico e de execución sobre medidas de conservación e seguridade do “Pazo do Real” sito na rúa Concepción Arenal, do barrio do Real, redactado polo arquitecto D. Manuel Requejo Conde, visado na data do 05.01.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 7 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN SOBRE MEDIDAS DE CONSERVACIÓN E SEGURIDADE DO PAZO DO REAL
INFORME TÉCNICO: **Procede licenzaL**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo para tomar medidas de conservación e seguridade do pazo o Real, non obstante **recoméndase o tapiado na totalidade das ventás, e o estudo de posibilidade de execución dunha cuberta provisional ou protección das cabezas dos muros para garantir a súa estabilidade e mellor conservación.**

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	128,32 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.B) EXPTE. 42/10 – D. JESÚS RODRÍGUEZ PENA presenta estudo técnico para a conservación de cuberta en vivenda unifamiliar sita no barrio do Redondo, 131, Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 26.03.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 12 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais..

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais colocando un soporte continuo a base de fibrocemento sobre a estrutura actual conforme se define na memoria construtiva do estudo técnico preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	113,96 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.C) EXPTE. 33/10 – D^a MARÍA DEL PILAR CORRALES POMBAL presenta proxecto básico e execución de substitución de cubrición de edificio de vivendas, sito na rúa A Canexa nº 19 do barrio da Praia, redactado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas, visado na data 16.03.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 12 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE CUBRICIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais, substitución da tella plana actual por unha cubrición a base de panel sandwich industrializado de aceiro galvanizado lacado exteriormente de 35 mm de espesor, canalóns e baixantes conforme se define na memoria construtiva do proxecto preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	182,00 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.D) EXPTE. 10/10 – D. JESÚS NOGUEIRA PIÑEIRO solicita licenza de obra para a reparación de cuberta e construción de edificación auxiliar nunha vivenda xa existente no barrio de Abelendo, nº 57, de conformidade co proxecto presentado redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 3 de febreiro de 2010. Por escrito do 18 de marzo de 2010 renuncia a realizar a construción auxiliar.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 12 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Renuncia a execución da construción auxiliar, polo tanto o presente acto administrativo exclúese a súa licenza

Non precisa informes sectoriais..

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais colocando un soporte continuo a base de paneis sandwich dobre a estrutura actual, substitución da tella en mal estado por outra mixta conforme se define na memoria construtiva do proxecto preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	202,36 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.E) EXPTE. 23/10 – D^a CARMEN SANTOMÉ MEJÍA presenta estudo técnico para cambio de tella en vivenda unifamiliar sita na Avda. Porta do Sol, nº 17, do barrio de Moureira, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Brañas Pena, visado na data 04.03.10,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 12 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais..

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais, substitución da tella en mal estado por outra conforme se define na memoria construtiva do proxecto preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	51,66 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.F) EXPTE. 234/09 – D^a MARÍA JOSÉ CASAS RIVAS presenta proxecto básico e execución para a construción dunha vivenda unifamiliar, a situar no barrio da Ameixoadá-Moaña, redactado polo estudo de arquitectura JH – ARKMO DE MOAÑA,

visado 10.11.09 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Superf. construída planta baixa: 105,39 m2, superf. construída planta 1ª: 105,39 m2, superf. Construída p. baixo cuberta: 52,70 m2. Orzamento das obras: 125.528,52 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 14 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 28 de xaneiro de 2010 para ordenanzas 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

Cumpre coas Normas do Hábitat Galego.

Cédense 29,50M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 885,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

A superficie a parcela ascende a 439,45 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	2.510,57 €
Taxas licenza urbanística.....	313,82 €
Cartel de obra	110,00 €

4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

4.A) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D.ª MARÍA BUDIÑO DURÁN E D. MARCOS FERNÁNDEZ CASTRO.

Vista a solicitude de D.ª María Budiño Durán e de D. Marcos Fernández Castro na que presentan proxecto de execución de vivenda unifamiliar aillada, visado o día 8 de marzo de 2010, correspondente ao expediente nº 266/2008,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 12 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 266/08 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorga licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 266/2008.**

4.B) PRÓRROGA DE LICENZA

EXPTE. 65/2007 – D. SALVADOR GARCÍA PIÑEIRO e D.ª BANESA CURRÁS CHAPELA, por escrito do 4 de marzo de 2010, expoñen que están a realizar as obras de Reforma e Ampliación dunha vivenda unifamiliar na Franga, s/n, e que por motivos construtivos non se puido finalizar a execución das obras de construción da vivenda para a cal se concedeu a licenza. Solicitan prórroga conforme a ordenación urbanística vixente.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 15 de abril de 2010, que literalmente di:

Ante a petición formulada por **Salvador García Piñeiro** titular conxuntamente con **Banesa Curras Chapela** dunha licenza (Exp.: 65/07) concedida en Xunta de Goberno Local de 14 de maio de 2007 para un Proxecto básico e de execución de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, a tenor do disposto no apartado 2 do Artigo 197 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia **procede conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior o inicialmente acordado.**

Liquidación provisoria de tributos

Taxas prórroga..... 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada, nos termos reflectidos no informe do aparelador municipal.

5.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e

no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
MEDIO AMBIENTE E MAR	REPOSICIÓN MATERIAIS EN SENDEIROS		1550 21000 RC 569	749,54 €
CULTURA	ARRANXOS NA BIBLIOTECA DE TIRÁN	ALMACÉN CRISTALERÍA MOAÑA, S.L.	3320 21200 RC 502	243,60 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009, prorrogado ao 2010, acreditado pola retención de crédito para gastos que a proposta da concellería de facenda se efectúan nas partidas mencionadas

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

6.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 9 de abril que textualmente di:

Vista a relación de facturas número 180, presentada polas entidades sinaladas, xustificativas do gasto que ascende á cantidade acumulada de 153.842,13 € (IVE engadido)

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, por importe acumulado de 153.842,13 euros, presentada polas seguintes entidades:

Factura	PROVEDOR	Partidas	Importes
	ANEXO I		
17	INSTALACIONES ARTISTICAS IVAN	3340 22612	3.480,00
16	INSTALACIONES ARTISTICAS IVAN	3340 22612	1.392,00
71	PIROTECNIA LA GALLEGA S.L.	3340 22612	4.000,00
3	A.S.C. ENREDOS	3340 22612	1.500,00
F10/10	PUBLISAN MORRAZO, S.L.	3410 22601	1.653,00
118	ALDAO GONZALEZ SUSANA	2310 22703	2.298,64
119	ALDAO GONZALEZ SUSANA	2310 22713	7.402,40
B/35	MONFORTE S.A.	1320 20400	948,00
486205	CORREOS Y TELEGRAFOS S	9200 22201	1.511,76
486877	CORREOS Y TELEGRAFOS S	9200 22221	539,44
028/10	IRISAR DESEÑO E IMPRESION, S.L.L.	3410 22601	65,42
1002	RODRIGUEZ CORREA, Juan Ramón	3410 22601	206,73
2010/021	INTER BURGO RESTAURACION, S.L.	3410 22601	1.750,00
012/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3340 22601	27,84
10002	URBASER S.A.	1630 22700	17.933,32
7491	SEGAPREL, S.L.	9200 22701	1.370,25
8521	SEGAPREL, S.L.	9200 22701	1.068,75
61	E. BERMUDEZ E HIJOS S.L.	3340 22612	1.675,00
001/10	AA.VV. BERDUCEDO e PIÑEIRO	3340 22612	60,00
40	PENA PORTELA, Gabriel	3340 22612	197,20
13	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	3340 22612	249,40
10034	ILPROSON MIÑOR, S.L.	3340 22612	4.999,99
179	ESPINOSA DE SOTO, JOSE LUIS	9200 22624	733,64
	Total anexo I		55.062,78

Factura	PROVEDOR	Partidas	Importes
	ANEXO II		
004/10	ILUMINACIONES ELECTRO SIL	3340 22612	3.630,80
007/10	DIVERNENO VIGO, S.L.	3340 22612	696,00
325	FARO DE VIGO S.A.U.	9200 22001	360,00
846166	ASCENSORES ENOR S.A.	9200 21301	926,34
846731	ASCENSORES ENOR S.A.	3320 21301	229,94
18814	INITIAL TEXTILES E HIGIENE, S.L.	9200 22699	240,70
12	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	9200 21600	30,00
10010	TERMICA MORRAZO, S.L.	9200 21301	2.422,65
453	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	143,91

3877	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	104,40
855325	ASCENSORES ENOR S.A.	3320 21301	229,94
1043	MADERAS COBRES, S.L.	3340 22612	978,03
026/10	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	9200 21600	250,00
028/10	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	9200 21600	150,00
100295	ALMACENES CANDUCHO S.L.	1550 22199	661,03
100295	ALMACENES CANDUCHO S.L.	3340 22612	235,40
100295	ALMACENES CANDUCHO S.L.	4310 21200	35,44
100295	ALMACENES CANDUCHO S.L.	3210 21200	126,48
2430	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	3420 22103	680,00
2058	KOPIAK MOAÑA S.L.	2310 22000	25,52
2059	KOPIAK MOAÑA S.L.	1720 22000	161,71
2270	KOPIAK MOAÑA S.L.	2340 22000	122,42
2272	KOPIAK MOAÑA S.L.	3370 22000	95,41
2273	KOPIAK MOAÑA S.L.	3340 22000	12,27
2274	KOPIAK MOAÑA S.L.	2340 22000	16,00
448	ALARMAS PONTEVEDRA S.L.	3210 21200	60,32
183	ALARMAS PONTEVEDRA S.L.	4310 21200	83,95
2793	GAS NATURAL S.U.R., SDG, S.A.	9200 22120	71,90
88043	COMERCIAL SENRA S.A.	3420 20203	234,32
82	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A.	1550 21000	2.434,61
214	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A.	1550 21000	1.268,46
10002	ELECTRO-AUTO CANGAS S.L.	1550 20400	1.160,00
10003	ELECTRO-AUTO CANGAS S.L.	1550 20400	1.160,00
7242	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	104,40
10322	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	104,40
863063	ASCENSORES ENOR S.A.	3320 21301	229,94
100155	DUXON SYSTEM, S.L.	1550 22199	325,50
236177	WURTH ESPAÑA, S.A.	1550 22199	508,78
699	FARO DE VIGO S.A.U.	9200 22001	121,80
698	FARO DE VIGO S.A.U.	3410 22602	552,67
2915	NEA F3 IBERICA, S.L.	9200 21600	70,11
7558	JUCONS GALAICA S.L.U.	1550 20300	1.172,76
013/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	9120 22601	11,60
011/10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3410 22601	11,60
314	INITIAL TEXTILES E HIGIENE, S.L.	9200 22699	68,27
004/10	MDC INGENIERIA S.L.	1550 21400	3.897,60
5293	RECAMBIOS MOLARES, S.L.	1550 21400	77,66
5381	RECAMBIOS MOLARES, S.L.	1550 21400	12,18
27	SANTA CECILIA ESCUDERO, ANA ISABEL	9200 22624	124,55
39	MONTAXES ANTEPAZO S.L.	1550 21000	292,32
205	ALARMAS PONTEVEDRA S.L.	3210 21200	60,32
131	TECNICA Y PORTALES, S.L.	4310 21200	755,31
1512048	R CABLE Y TELECOMUNICACION	2310 22200	84,33
18	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	9200 22000	68,56

32	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	2310 22000	27,14
33	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	9200 22000	73,08
31	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	1640 22199	21,81
27	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	9200 22000	27,14
26	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	2310 22000	70,76
93	GHESA INGENIERIA Y TECNOLOGIA,S.A.	1550 21000	1.174,85
53	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	9120 22602	27,84
52	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	1320 22000	48,72
29	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	1640 22199	90,48
2114	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	152,08
2115	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	727,32
28	SANTA CECILIA ESCUDERO, ANA ISABEL	9200 22624	475,06
30	SANTA CECILIA ESCUDERO, ANA ISABEL	9200 22624	124,55
140	ESYCSA	1320 21300	407,40
2	JUNCAL BARROS, Israel	3420 22104	197,20
3	JUNCAL BARROS, Israel	3420 22104	184,44
4	JUNCAL BARROS, Israel	3420 22104	368,88
5	JUNCAL BARROS, Israel	3410 22601	51,04
362044	DOMAIO F.C.	3420 22100	110,18
30297	DOMAIO F.C.	3420 22100	169,35
566	VIVEIROS ADOA S.L.	1710 22109	95,16
583	ESPINOSA DE SOTO, JOSE LUIS	9200 22624	137,90
56	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	1510 22000	146,16
54	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	9200 22000	229,68
57	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	9200 22000	303,92
58	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	9200 22000	68,56
269	CENTRAL DE EFECTOS NAVALES, S.L.	1550 21400	94,42
557	SILORDIMAR GAS, S.L.	3210 22103	150,30
2	FRANCISCO FERREIRO GONZALEZ	1550 21000	2.412,80
51	CYBERNOVA MOÑA S.L.	9200 21600	351,87
	Total anexo II		36.365,70

Factura	PROVEEDOR	Partidas	Importes
	ANEXO III		
varias	GAS NATURAL S.U.R., SDG, S.A.	varias	56.710,26
2985	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	varias	3.207,78
313913	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	varias	2.495,61
	Total anexo III		62.413,65
	TOTAL RELACION		153.842,13

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 153.842,13 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010.

Terceiro.- Aprobar un dereito por importe de 610,98 €, en concepto de factura 313913 de Telefónica Móviles de España, S.A.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor municipal de data 15 de abril de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento de gastos orixinados por clubs alleos ao Concello que non gardan con el ningún tipo de relación orgánica ou de dependencia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: levantar o reparo do interventor municipal por entender que o campo de fútbol de Domaio e o local do clube de xubilados N^o Sra. Do Carme son de titularidade municipal.

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

7.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DE DISTINTAS FACTURAS.

Vista a proposta do Delegado de Facenda do 9 de abril de 2010, que di:

Vista a relación de facturas número 183, presentada polas entidades sinaladas, xustificativas do gasto que ascende á cantidade acumulada de 31.691,60 € (IVE engadido)

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, por importe acumulado de 31.691,60 euros, presentada polas seguintes entidades:

Factura	PROVEEDOR	Partidas	Importes
ANEXO I			
A/97	INSTALACIONES ARTISTICAS IVAN	4320 22609	3.480,00
89/10	E. BERMUDEZ E HIJOS S.L.	2310 22617	250,00
001/10	A.S.C. ENREDOS	2310 22617	300,00
90012	URBASER S.A.	1630 22700	17.933,32
717	ALDAO GONZALEZ SUSANA	2310 22703	7.066,37
716	ALDAO GONZALEZ SUSANA	2310 22703	2.503,18
Total anexo I			31.532,87
ANEXO II - Outros cargos			
-----	DEPUTACION PROVINCIAL – Prog.Teleasistencia	2310 22618	158,73
Total anexo II			158,73
TOTAL RELACION			31.691,60

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 31.691,60 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe favorable do interventor municipal de data 15 de abril de 2010 á fiscalización previa do expediente de recoñecemento de obrigas xeradas no exercicio anterior polo procedemento do recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 31.691,60 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.:

8.- FACTURA DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO

Vista a proposta da intervención municipal do 15 de abril de 2010, que di:

Visto que na relación de facturas remitidas á xunta de goberno local celebrada o día 29 de marzo de 2010, existe un erro no importe da factura V/10/1977, emitida pola Autoridade Portuaria de Vigo, por canto o importe relacionada é de 158,78 euros, cando en realidade o importe da citada factura é de 272,72 euros.

Proponse:

Que pola xunta de goberno local se acorde o recoñecemento dunha obriga a favor da Autoridade Portuaria de Vigo, por importe de 113, 94 euros, e deste xeito ter recoñecida na súa totalidade a súa factura V/10/1977, cuxo importe ascende a cantidade de 272,72 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Autoridade Portuaria de Vigo por importe de 113,94 euros para completar o importe da factura V/10/1977.

9.- AXUDAS AOS ESTUDOS PERSOAL LABORAL

Vistas as solicitudes para axudas aos estudos para o curso 2009/2010 presentadas por traballadores e traballadoras contratadas en réxime laboral (fixo e temporal), recollidas na relación que achega o Departamento de Persoal,

Visto o convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña, en concreto os puntos relativos ao seu ámbito de aplicación e ao fondo de acción social, e vistas as sentenzas do Xulgado do Social nº 1 de Vigo do 05.12.08 e 26.11.08,

Visto o informe favorable do interventor municipal do 15 de abril de 2010, que realiza partindo da actualización do convenio colectivo do Concello de Moaña neste tipo de axudas aos cambio producidos no sistema educativo e ao euro, polo que as cantidades a percibir segundo o convenio serían as seguintes: Educación infantil: 60,10 euros; 1º ata 6º de primaria e 1º e 2º ESO: 90,15 euros; 3º e 4º da ESO: 120,20 euros; 1º e 2º de bacharelato: 120,20 euros; ciclo formativo de grao medio e superior: 120,20 euros; universidade ou estudos superiores: 40% ou 210,35 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos integrantes asistentes, acorda aprobar a relación de axudas aos estudos do persoal laboral –fixo e temporal- do Concello de Moaña para o curso 2009/2010, e recoñecer a obriga por importe total de 4.477,45 €, para o seu posterior pagamento a cada traballador/a relacionado/a as cantidades indicadas, con cargo a partida orzamentaria **2210-16204**.

ANEXO I

ABAL JUNCAL, TELESFORO..... 330,55 €

Achega xustificante de matrículas

BLANCO NOGUEIRA, JAVIER..... 90,15 €

Achega xustificante de matrículas

CABEIRO DOPICO, MARIA ANGELES..... 450,75 €

Achega xustificante de matrículas

CHAPELA GONZÁLEZ, RAMÓN ALBERTO..... 420,70 €

Acheга xustificante de matrículas	
FERNANDEZ FERNANDEZ, JULIO.....	210,35 €
Acheга xustificante de matrículas	
GARCÍA GÓMEZ, SUSANA.....	210,35 €
Acheга xustificante de matrículas	
GARCÍA TRIGO, JESÚS.....	120,20 €
Acheга xustificante de matrículas	
ORDÁS CANCIÁN, GRACIELA.....	420,70€
Acheга xustificante de matrículas	
PARADA FERNÁNDEZ, ROSARIO.....	120,20 €
Acheга xustificante de matrículas	
PÁRAMOS CORRALES, ANGEL MARIA	180,30€
Acheга xustificante de matrículas	
PAREDES PAREDES, JOSÉ.....	90,15 €
Acheга xustificante de matrículas	
PIÑEIRO COSTA, UXIO VALENTÍN.....	330,55€
Acheга xustificante de matrículas	
SOAGE BERNARDEZ, MAR.....	420,70 €
Acheга xustificante de matrículas	
SOLLA RIOBÓ, JOSÉ LUIS.....	210,35 €
Acheга xustificante de matrículas	
SOTO VIÑAS, PAULA.....	90,15 €
Acheга xustificante de matrículas	

VEIGA RIVEIRO, JAVIER..... 120,20 €

Achega xustificante de matrículas

ANEXO II

ABLANEDO ALBERDI, FRANCISCO JAVIER..... 60,10 €

Achega xustificante de matrículas

BLANCO MOLEDO, ELVIRA..... 120,20 €

Achega xustificante de matrículas

BARCIA GARCÍA, MARIA EUGENIA..... 180,30 €

Achega xustificante de matrículas

GARCÍA LORENZO, MARIA ELENA..... 90,15 €

Achega xustificante de matrículas

RIOBÓ VIEITEZ, URANO..... 90,15 €

Achega xustificante de matrículas

TOMÉ SILVA, MARIA DEL CARMEN..... 120,20 €

Achega xustificante de matrículas

TOTAL..... 4.477,45 €

10.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

D. Balbino Pena Costa, funcionario do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 1.800 euros. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extinguiase a súa relación co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que o traballador non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado, a descontar en 14 mensualidades,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D. Balbino Pena Costa o anticipo solicitado de 1.800, reintegrables en 14 mensualidades

11.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 16 de abril de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. IBERDROLA GENERACIÓN, S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

*IBERDROLA GENERACIÓN S.A.U (CIF A95075586)

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
MARZO 2010	11.377,26	170,66

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Iberdrola Generación SAU por 170,66 euros polo período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

12.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DUN CONTRATO.

Por escrito do 13 de abril de 2010, D.^a Belinda Besada Vergada, D.^a Marister Faíde Ferreiro e D. Víctor Manuel González Magdalena expoñen que o 28.02.08 entregaron a documentación referida ao expediente de *Modificación do contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución do Centro Sociocultural de Meira* e solicitan a devolución do aval.

Visto o informe favorable á devolución emitido polo secretario municipal o 16 de abril de 2010,

Visto o informe da tesoureira municipal de data 16 de abril de 2010, que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEFINITIVA DEPOSITADA POR BELINDA BESADA VERGARA (NIF 36119894G), POR IMPORTE DE 3.101,18 EUROS (Rexistro de Entrada núm. 2912, o 13 de abril de 2010)

INFORME.

Esta Tesourería ten comprobado o depósito da fianza correspondente na Tesourería Municipal (núm. de documento 2006-820-0). Non consta na contabilidade municipal que se tivese procedido ó reintegro daquela. Así pois, dado o contido do informe emitido polo Secretario Municipal o 16 de abril de 2010, no que se indica a procedencia da devolución, **infórmase favorablemente a devolución** da fianza correspondente, por importe de 3.101,18 euros, a favor de BELINDA BESADA VERGARA (NIF 36119894G),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da garantía depositada para responder da execución *Modificación do contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución do Centro Sociocultural de Meira*, por importe de 3.101,18 euros, depositada por D.^a BELINDA BESADA VERGARA.

13.- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA: OBRADOIROS TERCEIRO TRIMESTRE

Visto o informe do director da Escola Municipal de Música do 14 de abril de 2010 que di:

CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRICIÓN NOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE:

-Prazo: Martes 20 de Abril a Martes 04 de Maio.

-Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán efectuar o pago correspondente en calquera oficina de Caixanova de Moaña no número de conta do Concello dentro dos prazos establecidos, indicando o nome do Alumno e como concepto, **“Obradoiro de Música e Teatro”, “Obradoiro de Informática Musical”** ou **“Obradoiro Solfexo de Adultos”** segundo corresponda.

Os prezos serán os estipulados no “III Convenio sobre o Plan de Actividades Complementarias” asinado entre a Banda de Música Popular “Airiños do Morrazo” e o propio Concello.

Unha vez efectuado o ingreso deberá entregar o xustificante de pago nas dependencias da Escola.

A continuación, e como anexo, se establece o listado de preinscritos con dereito á inscrición e o importe a pagar correspondente.

ANEXO ó TEXTO sobre a
**CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRIPCIÓN NOS
 OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA , 3º TRIMESTRE:**

Listado de preinscritos:

MÚSICA E TEATRO				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Música e Teatro	NICOLÁS FERNÁNDEZ MALVIDO	13	647 608023	10€
Música e Teatro	ÓSCAR GUTIÉRREZ MARTINEZ	8	986 313422	10€
Música e Teatro	ANA ISABEL BAANANTE POZO	10	618 964967	10€
Música e Teatro	AARON BON NOVAS	9	670 508992	10€

INFORMATICA MUSICAL				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Inform. musical	LUCIA CORDEIRO ÁLVAREZ	16	600 44 97 43	15€
Inform. musical	MARÍA JALDA MIRANDA	35	669 79 12 54	15€
Inform. musical	AGUEDA CHAPELA	45	605 87 14 43	15€
Inform. musical	LINO BARCIA SANTOMÉ	32	627 95 14 21	15€

SOLFEXO DE ADULTOS				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	€/TRIM.
Solfexo adultos	MERCEDES CANCELAS COSTAS	49	647 53 42 63	15€
Solfexo adultos	CARMEN RIOBÓ PASTORIZA	45	986 32 64 25	15€
Solfexo adultos	XOSÉ BIEITO PÉREZ CARRERA	42	986 31 11 47	15€
Solfexo adultos	JOSE Mª JUNCAL SEQUEIROS	65	986 31 09 33	15€
Solfexo adultos	TERESA ALIDA MOREIRA MTNEZ.	45	658 38 61 61	15€
Solfexo adultos	CARLOS GÓMEZ ZUNZUNEGUI	51	627 90 39 57	15€
Solfexo adultos	Mª SONIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	39	666 09 71 21	15€
Solfexo adultos	BEATRIZ MAGALLANES MOREIRA	41	986 32 62 98	15€
Solfexo adultos	SAGRARIO VILARIÑO MEIRA	44	986 32 63 47	15€
Solfexo adultos	LUCIA GARCIA CARCIA	54	646543541	15€
Solfexo adultos	CELIA MOLARES VALVERDE	45	667 385821	15€
Solfexo adultos	AGAPITO ROSENDO CALVAR	30	655483758	15€

Vista a proposta de aprobación do Concelleiro de Cultura ,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a convocatoria para o pagamento do importe da inscrición nos obradoiros da Escola Municipal de Música de Moaña nos termos do informe do seu director, e trasladarlle o acordo á Recadación Municipal.

14.- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO PROCEDEMENTO ABREVIADO 373//09, XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE PONTEVEDRA

Vista a **sentenza** 17/10, de data 01/02/10, recaída no procedemento abreviado 373/09, seguido no Xulgado Contencioso-Administrativo n° 1 de Pontevedra polo recurso interposto pola letrada Sra. Filgueira Rodríguez, en nome e representación de D.^a Trinidad Nogueira Santomé, contra a desestimación presunta da reclamación formulada pola recorrente contra polas lesións sufridas en data 22.12.08, **que falla con estimación parcial o recurso interposto** e declara a anulación do acto impugnado e obriga ao Concello a asumir a indemnización dos danos causados polas lesións sufridas pola recorrente na contía de 773,50 euros, cos intereses legais preceptivos.

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á súa execución e, daquela:
Primeiro: recoñecer a obriga de 773,50 euros a Trinidad Nogueira Santomé, por indemnización por danos causados, con cargo a partida 9200 22623 – RC 573, para o seu posterior pagamento.
Segundo: solicitarlle ao Xulgado Contencioso-Administrativo n° 1 de Pontevedra que determine a contía dos intereses legais.

15.- EXAME DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN PROVISORIA DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA DE MOAÑA”

A Xunta de Goberno, en data 23 de marzo de 2010, acordou remitir invitacións para participar na licitación da obra “Acondicionamento de local para Escola de Música de Moaña”, ás seguintes catro empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.
- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.
- CONTRUCTIONS XULIO CASTAÑO S.L.
- E.P. MARTIÑO.

No prazo concedido se presentan as seguintes ofertas:

- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, n° de rexistro de entrada 2921 de 13 de abril de 2010.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e e solvencia necesarias para a execución da obra.

A Xunta de Goberno declara admitida, á vista da documentación presentada, a seguinte oferta:

- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS

A continuación, comeza o acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.

Prezo: CENTO DOCE MIL SETENTA E CATRO EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (112.074,56 euros). (96.616,00 euros + 15.458,56 euros de IVE)

Adscripción de traballadores de nova contratación á obra: Dous traballadores.

Á vista das condicións da única oferta admitida, entendendo que a oferta se axusta aos condicionantes previstos nos pregos, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Acondicionamento de local para Escola de Música de Moaña” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por importe de CENTO DOCE MIL SETENTA E CATRO EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (112.074,56 euros). (96.616,00 euros + 15.458,56 euros de IVE), un prazo de execución de 4 meses, Adscripción de traballadores de nova contratación á obra: dous traballadores.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 112.074,56 euros con cargo á partida 3250.63200 do orzamento municipal do ano 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos dez días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 4.830,80 euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes á notificación da adxudicación aporte a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias, da Seguridade Social e documentación do IAE. Asemesmo deberá aportar a documentación prevista na cláusula 16.4 dos pregos, copia de contratos laborais dos traballadores adscritos á obra.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.

16.- EXAME DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN PROVISORIA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE CIRCUITOS DEPORTIVOS BIOSAUDABLES NAS ÁREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA”

A Xunta de Goberno, en data 23 de marzo de 2010, acordou remitir invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- CONSTRAULA S.L. INGENYERIA I OBRES.
- HPC IBÉRICA S.A.
- ARANCHABALYA S.L.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e a solvencia necesarias para a execución da obra.

No prazo concedido se presentan as seguintes ofertas:

- HPC IBÉRICA S.A, nº de rexistro de entrada 2.738 e 2.739 de 8 de abril de 2010.
- CONSTRAULA S.L. INGENYERIA I OBRES, nº de rexistro de entrada 2.740 de 8 de abril de 2010.
- ARANCHABALY S.L., nº de rexistro de entrada 2.815 de 9 de abril de 2010.

A Xunta de Goberno declara excluídas as seguintes ofertas, por non aportar ningún tipo de documentación administrativa: escritura de constitución, solvencia necesaria para a execución da obra, declaración de estar ao corrente de obrigas tributarias e Seguridade Social e de non estar incurso en prohibición de contratar, sen entender ademais, que sexan omisión subsanables:

- CONSTRAULA S.L. INGENYERIA I OBRES.
- ARANCHABALY S.L.

A Xunta de Goberno declara admitida, á vista da documentación presentada, a seguinte oferta:

- HPC IBÉRICA S.A.

A continuación, comeza o acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- HPC IBÉRICA S.A.

Prezo: 100.000,00 euros. (86.206,90 + 13.793,10 euros de IVE.).

Adscripción de traballadores á execución do contrato: 0 traballadores de nova contratación.

(Condições suxeitas a negociación.)

Á vista das condicións da única oferta admitida, entendendo que a oferta é susceptible de mellora respecto dos traballadores a contratar, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

UNICO-. Remitir á empresa HPC IBÉRICA S.A. solicitude de nova proposta onde se mellore as condicións presentadas respecto do persoal a contratar na obra e persoal de nova contratación a adscribir á mesma.

17.- EXAME DE OFERTAS DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO (MOAÑA)”

A Xunta de Goberno, en data 23 de marzo de 2010, acordou remitir invitacións para participar na licitación da obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)”, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.
- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.
- CONTRUCIONS XULIO CASTAÑO S.L.
- E.P. MARTIÑO.

No prazo concedido se presentan as seguintes ofertas:

- E.P. MARTIÑO. nº de rexistro de entrada 2.568 e 2.569 de 31 de marzo de 2010.
- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L. nº de rexistro de entrada 2.595 e 2.596 de 5 de abril de 2010.
- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, nº de rexistro de entrada 2.987 de 15 de abril de 2010.

(A empresa CONTRUCIONS XULIO CASTAÑO S.L. presenta documentación fora de sobre, pero referida a outra obra, Reforma do Pavillón deportivo de Reibón, polo que se acorda inadmitir a oferta presentada).

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos demais licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e e solvencia necesarias para a execución da obra.

A Xunta de Goberno declara admitida, á vista da documentación presentada, as seguintes ofertas:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.
- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.
- E.P. MARTIÑO.

A continuación, comeza o acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.:

Prezo: SETENTA E CATRO MIL SETECENTOS OITENTA E DOUS EUROS E OITENTA E OITO CÉNTIMOS (74.782,88 euros). (64.468,00 euros + 10.314,88 euros de IVE)

Adscripción de traballadores de nova contratación á obra: Un traballador.

- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.

Prezo: SESENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS VINTE E SEIS EUROS E CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (65.926,44 euros). (56.833,14 euros + 9.093,30 euros de IVE)

Adscripción de traballadores de nova contratación á obra: Dous traballadores.

- E.P. MARTIÑO:

Prezo: SETENTA E TRES MIL OINTENTA EUROS (73.080,00). (63.000,00 euros + 10.080,00 euros de IVE)

Adscripción de traballadores de nova contratación á obra: Tres traballadores.

Á vista das condicións das ofertas, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda remitir as ofertas presentadas e admitidas a valoración dos Servizos Técnicos Municipais.

18.- SOLICITUDE DE CELEBRACIÓN DE MERCADILLO EXTRAORDINARIO

O presidente da Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Comercio en Prazas de Abastos de Galicia solicitan a celebración dun mercadillo extraordinario o día 1 de maio, por considerar que nesa data hai moita xente en Moaña e para compensar, dalgún xeito, os días perdidos por mal tempo que houbo no que va do ano 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude de celebración do mercadillo extraordinario o vindeiro día 1 de maio.

19.- LUDOTECA

Visto o informe do 14 de abril de 2010 emitido pola coordinadora da Ludoteca en relación ás solicitudes que se recibiron para a admisión de nenos no servizo da Ludoteca municipal, feita pola súa representante (nai), así como a tarifas que lle correspondería en función da ordenanza municipal reguladora dos prezos públicos polo servizo de Ludoteca municipal, aprobada en novembro de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de alta no servizo municipal da Ludoteca os seguintes usuarios, con indicación do seu nome, o nº de socio, tarifa que lles corresponde e nome do/a responsable obrigado ao seu pagamento:

Socio 210	Hannes Bartölke Santome	Art. 4 Epgr. 1º
	ROSA ANA SANTOMÉ PAREDES (nai)	73.240.821 N
Socio 211	Xián Calvar Alves	Art. 4 Epgr. 1º
	ROSA ISABEL ALVES GONZÁLEZ (nai)	78.739.072 K

Segundo: Trasladar á Recadación municipal a presente resolución.

20.- RECLAMACIÓN SOBRE BASES DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL

D. Diego Marcos Lorenzo, por escrito do 26 de marzo de 2010, expón que impugna as bases de auxiliar de Policía local no referente a proba de galego porque a Lei 2/2009 de modificación do texto refundido da Lei de función pública de Galicia sinala que *para o acceso ás prazas da Admón. da Comunidade autónoma de Galicia e das entidades locais incluírase un examen de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente*, e entende que coa presentación do título de Celga 4 xa queda acreditado este coñecemento.

Visto o informe do secretario municipal do 13 de abril de 2010, que di que a Lei 4/2007, de coordinación de policías locais, aplicable neste ámbito por razón da especificidade, ao regular o proceso selectivo de persoal da Policía local e auxiliares de Policía Local establece, no artigo 4, que a contratación de auxiliares de Policía farase seguindo criterios semellantes ao fixados para os integrantes dos corpos da Policía Local; e que o artigo 33.3. sinala que as probas selectivas de ingreso nas categorías de policía e inspector incluírán, en todo caso “...., *así como a demostración do coñecemento da lingua galega*”. Ademais, indica que o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, establece respecto da selección de auxiliares de policía e requisitos dos aspirantes: 3. *A oposición comprenderá as probas que se describen a continuación:...b) coñecemento da lingua galega.*

Recolle o informe o secretario municipal que *aínda que a Lei de Función Pública de Galicia habilita a opción de acreditar os coñecementos de lingua galega mediante a presentación de título xustificativo, a normativa de referencia autonómica aplicable con carácter específico pola Lei 4/2007 e o Decreto 243/2008 establecen a necesidade de superación dunha proba de coñecemento da lingua galega, entendendo este informante, como plenamente aplicable e en ningún caso discriminatorio para ningún dos aspirantes. Conclúe: entende este informante, á vista da normativa vixente en materia de selección de auxiliares de policía, que a esixencia da superación dun exame en lingua galega axústase á normativa aplicable, por entender aplicable a normativa específica vixente respecto deste persoal sen que a citada normativa se atope derogada pola Lei de función pública de Galicia, polo que procede a desestimación do recurso presentado.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a alegación de D. Diego Marcos Lorenzo baseándose no reflectido no informe do secretario municipal.

21.- CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NO CONCELLO DE MOAÑA

Visto o borrador do convenio para o establecemento dun programa para a realización de prácticas profesionais dos/as estudantes do Máster Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente do curso 2009/2010 no Concello de Moaña, por un tempo de realización por estudante non inferior a 125 horas, que non supón gasto ningún para o Concello

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: Aprobar o texto do borrador e establecer o convenio coa Universidade de Vigo para a realización das mencionadas prácticas, e facultar ao alcalde para a súa sinatura.
Segundo: Nomear ao alcalde a ao concelleiro de Urbanismo para integrar a Comisión de Seguimento deste Convenio por parte do Concello.

22.- TERRAZAS

D.^a Beatriz de Castro Durán solicita a instalación dunha terraza de temporada de 10 m² na beirarrúa do restaurante Bajamar, en dominio público marítimo terrestre.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitar a ampliación do Plan de Explotación de Terrazas e Chiringos en dominio público marítimo terrestre incluíndo ao Restaurante Bajamar, da rúa Riveira 7, de 10 m².

23.- AXUDAS ECONOMICAS AOS CONCELLO PARA A CONTRATACION TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICIA LOCAL.-

A Alcaldía dá conta da Orde de 25 de marzo de 2010 da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, inserta no DOG de 31/3/10 convocando axudas os Concellos interesados con fin de aumentar a eficacia dos seus corpos de policía local, no desenvolvemento das funcións que lle son propias durante a tempada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro) en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2010, destinadas a sufragar os custos de contratación temporal de auxiliares de policía local.

Dáse conta asimismo dun informe da policía local sobre a necesidade de contratar a seis auxiliares durante os citados catro meses.

O presuposto de dita contratación ascende a 41.916,48 euros.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda solicitar unha axuda da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza por importe do 75% do total do presuposto 31.437,36 euros, acolléndonos a citada orde de 25/3/10 e aceptando integramente todo o seu contido.

Procedase pola Secretaria do Concello a cumprimentar toda a documentación necesaria.

24.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NO PARROQUIA DE DOMAIO (MOAÑA)

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE DOMAIO (MOAÑA)* remitido pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L. para o seu estudo e aprobación, redactados pola enxeñeira técnica industrial D.^a Rosa Fernández Sampaiño,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE DOMAIO (MOAÑA)* e designar como coordinador de seguridade e saúde a D. Luis Esteban Rey.

25.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDAD E SAÚDE DA OBRA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NO PARROQUIA DE MEIRA (MOAÑA).

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE MEIRA (MOAÑA)* remitido pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L. para o seu estudo e aprobación, redactados pola enxeñeira técnica industrial D.^a Rosa Fernández Sampaiño,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE MEIRA (MOAÑA)* e designar como coordinador de seguridade e saúde a D. Luis Esteban Rey.

26.- VADOS

26.A) SOLICITUDE DE VADO DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS “DANIEL CASTELAO 60”

D. José María Ferradas Martínez, en representación da Comunidade de propietarios “Daniel Castelao 60” solicita licenza para vado na rúa Daniel Castelao, 60, para 7 prazas de aparcamento, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 138,75 euros (entrada vehículos, zona 1º - 7 vehículos: 24,75 euros, pasaxe permanente 99 € e 15 € do sinal).

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do concello de Moaña do 26 de novembro de 2009, no que indica que se trata dun inmoebel con soto acondicionado para estacionamento, cun total de sete prazas; o ancho da entrada e saída de vehículos é de 3,00 metros, e o ancho do rebaixe da beirarrúa no lugar é de 3,30 metros. Informa favorablemente, co pintado con liña amarela continua do ancho do rebaixe.

Visto o informe do inspector de obras do día 22 de marzo de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DANIEL CASTELAO 60, cunha entrada de 3,00 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 138,75 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

26.B) SOLICITUDE DE VADO DA COMUNIDADE DO EDIFICIO VIPOMAR

D. Enrique González, en representación da Comunidade de propietarios “Edificio Vipomar” solicita licenza para vado no inmoebel da rúa Alcalde Fandiño, 13, para 18 prazas de aparcamento, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 198,75 euros (entrada vehículos, zona 1º - 18 vehículos: 26,25 euros, pasaxe permanente 157,50 € e 15 € do sinal).

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do concello de Moaña do 31 de marzo de 2010, no que indica que o garaxe ten 18 prazas e o rebaixe da entrada é de 3,5 metros).

Visto o informe do inspector de obras do día 7 de abril de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO VIPOMAR, cunha entrada de 3,50 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 198,75 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

27.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
SANTIAGO BREIXO CURRAS	Saneamento, uso doméstico	Quintáns, 247 A Meira	D ^{os} conexión saneamento....390,66	Aqualia Arquitecto técnico
PRIMITIVO CANCELAS COSTA	Saneamento, uso doméstico	Fontes, 135 Tirán	D ^{os} conexión saneamento....180,00	Aqualia Arquitecto técnico
ITZIAR SOTO SOTELO	Auga, uso industrial	Abellendo 11 A	D ^{os} conexión auga 60,00 €	Aqualia

		Fianza	20,00 €	Arquitecto técnico
--	--	--------------	---------	--------------------

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 20:25 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.